

## HISTORIA DA ARTE

### Recomendacións para as probas de ABAU do 2024 da materia de Historia da Arte, código 33.

De acordo cás disposicións das autoridades educativas que se teñen dado a coñecer o pasado día 7 de setembro, o grupo de Historia da Arte informa que, de cara as vindeiras probas da ABAU de 2024, atendendo as disposicións das autoridades educativas de manter o modelo da proba por parte do Minsiterio e a obriga de axustar os contidos do currículo, salvo instrucións noutro sentido, á Lei de Educación 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOMLOE), así como polo Real Decreto 423/2022, de 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas de bacharelato e o Decreto 157/2022, de 15 de setembro que establecen a ordenación e o currículo de Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 26 de setembro de 2022), terán as seguintes características:

- 1.- **Mántense a relación de conceptos xa establecidos**, concorrentes co bloque 1 de aproximación á historia da arte.
- 2.- **Mantense o número e selección das obras nas que se debe facer especial incidencia**, xa que maioritariamente cubren o recollido nos bloques 2 -A arte e as súas funcións ao longo da historia: da Antigüidade á Modernidade-, 3 -A arte e as súas funcións na contemporaneidade-, e 4 - Realidade, espazo e territorio na arte-.
- 3.- A estrutura da proba, **de xeito provisorio**, xa que a día de hoxe non se conta cá certeza sobre o modelo a aplicar, manterá a concepción básica da convocatoria do curso 2021-2022 e 2023. É dicir: o exame consta de cinco preguntas compostas por un apartado de análise dunha lámina e outro de definición de conceptos. Débese contestar a **DÚAS DAS CINCO PREGUNTAS**.
- 4.- Como en anos anteriores, en cada pregunta figurará, para a súa análise, unha lámina de cada un dos seguintes ámbitos: Grecia e Roma; Arte bizantina,

## HISTORIA DA ARTE

Prerrománico, Románico e Gótico; Renacemento e Barroco; Século XIX; Século XX e contemporaneide.

Ós/As alumnos/as formularáse a pregunta do seguinte xeito: **Análise da lámina X.**

5.- Como no programa constantemente reitera “identifica, analiza e comenta” seguiremos mantendo 1 punto pola identificación, é dicir pola clasificación de autor, nome da obra, estilo e cronoloxía. Outro punto polo encadramento histórico. E outros dous puntos polo apartado de análise e comentario.

6.- Ademais, cada pregunta, contará cun apartado adicado a definición de conceptos. Neste apartado o/a alumno/a deberá elixir dous dos catro conceptos propostos. A relación de conceptos mantense como viña sendo habitual ata agora.

Ós/As alumnos/as formularáse a pregunta do seguinte xeito: **Defina dous dos seguintes conceptos.**

7.- A estrutura do exame quedaría do seguinte xeito:

### **Análise da lámina elixida mediante tres apartados (4 puntos):**

Identificación, título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento (1 punto).

Encadramento no contexto histórico-artístico (1 punto).

Análise e comentario da lámina (2 puntos).

### *Análisis de la lámina elegida mediante tres apartados (4 puntos)*

*Identificación, título, autor, cronología, cultura, estilo, movemento (1 punto).*

*Encuadramiento en el contexto histórico-artístico (1 punto).*

*Análisis y comentario de la lámina (2 puntos).*



Proba de Avaliación do Bacharelato  
para o Acceso á Universidade

Código: 33

2024

## HISTORIA DA ARTE

**Definición de conceptos (1 punto, 0,5 por concepto) / Definición de conceptos (1 punto, 0,5 por concepto)**

Para calquera dúbida podedes contactar connigo no meu correo electrónico.

Santiago a 13 de setembro de 2023

Juan M. Monterroso Montero (juanmanuel.monterroso@usc.es)